

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 9 DE MARZO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Decreto polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se ratifica a resolución da directora xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo do 31/10/2025, na que se ordena, por razóns de urxencia, a interposición de recurso contencioso-administrativo contra a contestación ao requirimento previo á interposición de recurso contencioso- administrativo formulado pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia contra o escrito de data 5 de maio de 2025 do Secretario de Estado de Medio Ambiente sobre a solicitude presentada pola Administración Autonómica de Galicia en data 19 de xaneiro de 2024 para a iniciación dun procedemento de exixencia de responsabilidade medioambiental como consecuencia dos posibles danos ao dominio público marítimo- terrestre (DPMT) por contaminación procedente do vertido ao mar de pellets de plástico desde o buque "Toconao", de data 30 de xullo de 2025.
- Acordo polo que se toma razón da resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a proxectos de dinamización e promoción do Xacobeo 2027 (programa O teu Xacobeo), e se procede á súa convocatoria con carácter plurianual (2026-2027), por un importe de tres millón de euros (3.000.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Lugo para a xestión do servizo de comedor escolar en dez centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de cento noventa e nove mil tres euros con vinte céntimos (199.003,20 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se toma razón da distribución do pagamento relativo á liquidación do Fondo de Cooperación Local do ano 2024.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado Senda na PO-313. Treito O Cadro-Cadrela (Marín), cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de seiscientos noventa e un mil novecentos corenta e catro euros con noventa e tres céntimos (691.944,93 €).
- Acordo polo que se autoriza á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. a licitación dos servizos de redacción de proxecto e dirección de obra e das obras de construción, con técnicas industrializadas, dun edificio de vivendas de promoción pública (VPP), na parcela Z-44, Parque Ofimático-Xuxán, concello da Coruña, cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de cincuenta e un millóns cincocentos oitenta e un mil setecentos vinte e nove euros con sesenta e sete céntimos (51.581.729,67 €).
- Acordo polo que se toma razón da declaración dunha área de rehabilitación integral rural no núcleo antigo de Cortegada.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias Asfedro, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, por importe dun millón cento sesenta e nove mil novecentos un euros (1.169.901,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cruz Vermella de Lugo para o desenvolvemento de programas de asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, por importe de setecentos setenta e sete mil novecentos setenta e dous euros (777.972,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga Alborada de Vigo, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, por importe dun millón oitocentos oitenta mil dezanove euros (1.880.019,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga Aclad da Coruña para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, por importe de dous millóns cento once mil douscentos nove euros (2.111.209,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo Proxecto home de atención integral a persoas en risco e con trastornos adictivos da Comunidade Autónoma de Galicia e do programa de tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica, por importe dun millón douscentos corenta e cinco mil cento dezanove euros (1.245.119,00 €).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Sanidade a concesión de anticipos correspondentes á Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas a oficinas de farmacia da Comunidade Autónoma de Galicia que se localicen en zonas farmacéuticas especiais para o ano 2026, por importe de noventa e nove mil seiscentos euros (99.600,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da situación do Informe sobre a enquisa do uso de drogas en ensinanzas secundarias, Estudos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados de ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Industrias Culturais e a Asociación Academia Galega do Audiovisual para o desenvolvemento da XXIV edición dos premios do audiovisual galego Mestre Mateo en 2026, por importe de trescentos dezaioito mil cincocentos euros (318.500,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC), a través do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM) para a realización do proxecto Avaliación do estado das poboacións de zamburiña (*Mimachlamys varia*) na ría de Ferrol: un enfoque integral para a súa conservación e xestión sustentable (Zamfer), para o período 2026-2027, por importe de 167.653,63 euros.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre as liñas de actuacións previstas para 2026 en materia de residuos de envases domésticos.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre o Plan de inspeccións de servizos sociais para o ano 2026.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o impacto do Plan Renova o teu vehículo 2026 no parque automobilístico galego.
- Informe sobre a situación e seguimento das relacións comerciais das empresas galegas ante o conflito en Oriente Medio e as posibles repercusións nas relacións con Estados Unidos.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre os cursos de introdución á lingua e á cultura galegas. Balance de execución do ano 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a licitación da obra de adecuación do local para a oficina de emprego e polo de emprendemento do Carballiño.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a convocatoria anual para o 2026 das axudas á reestruturación e reconversión do viñado en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A APROBACIÓN DO DECRETO DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA RENOVAR A FP E ALIÑALA CO TECIDO PRODUTIVO GALEGO, IMPULSANDO A INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN

- Salienta como unha das principais novidades a creación da figura do persoal asociado e investigador, semellante ao existente na universidade
- Foméntase a colaboración público-privada, de tal forma que alumnos, docentes e profesionais poidan formarse e recualificarse en función dos novos retos
- Poténciase a internacionalización do sistema, abrindo a porta ao deseño de titulacións con validez en máis dun país
- Facilitase o recoñecemento mutuo de créditos coas universidades galegas
- O presidente destaca que este decreto aposta por unhas ensinanzas máis flexibles e conectadas coas necesidades do mercado laboral

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou o novo decreto que regula a Formación Profesional en Galicia, no que se aposta "por un modelo formativo con máis flexibilidade, máis conectado co tecido produtivo e tamén dándolle cada vez un maior peso á investigación". Para iso, o novo texto establece as bases dun sistema renovado e dinámico que dea resposta aos novos retos da FP, desde avanzar na innovación aplicada ao emprendemento ata adaptar a estrutura e organización da formación profesional ao mercado laboral en Galicia, articular a colaboración público-privada neste ámbito ou impulsar o recoñecemento de novas figuras profesionais, entre outros.

O obxectivo, segundo resaltou o titular do Executivo galego, é seguir avanzando nunhas ensinanzas que volveron bater récord de matriculados este curso con "máis de 71.000 alumnos, o dobre que no curso 2008/09" e que ten "unha taxa de inserción laboral do 85% na FP xeral e practicamente 100% na FP Dual". "Non podemos conformarnos, hai que seguir con esta revolución silenciosa", afirmou.

Entre as principais novidades está a creación da figura do persoal experto asociado de formación profesional así como a posibilidade de contratar persoal experto do sector produtivo, o fomento da colaboración público-privada ou o impulso das ofertas de alta especialización e organizacións modulares por bloques ou unidades de menor duración.

Tamén se promove a internacionalización mediante a opción de deseñar currículos de carácter internacional e dobres titulacións, con validez en máis dun país, e facilítase o recoñecemento mutuo de créditos ECTS coas universidades galegas. A maiores, poténcianse a investigación e a innovación aplicada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, cómpre destacar que a nova norma galega ten obxectivos máis ambiciosos que a normativa estatal básica que pretende desenvolver, adaptando esta normativa á realidade galega, que xa conta cun modelo de FP moi avanzado. De feito, parte das novidades, como por exemplo a implantación da FP dual intensiva, o incremento das horas de formación práctica e os novos módulos, que duplican en Galicia o inglés na FP, xa funcionaron o curso pasado e este, grazas ao traballo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP para implantalos en prol da mellor formación do alumnado.

A previsión é poder publicar o novo decreto no *Diario Oficial de Galicia* durante o mes de marzo, de tal forma que se aplicaría a partir do curso 2026/27.

Contratación de profesionais

Tal e como explicou Rueda, unha das principais novidades do decreto é “a creación da figura de profesor asociado investigador na FP, unha figura semellante a xa existente na universidade”. Serán persoas que contan cun recoñecido prestixio profesional ou presten os seus servizos en empresas e entidades de importancia significativa para os sectores produtivos galegos e que tamén apoiem accións de investigación e innovación aplicada nos centros en que dean clase, así como no Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros. “Impartirán clase en másteres de FP ou en ciclos de alta especialización”, indicou o presidente.

Introdúcense, a maiores, outras dúas figuras de profesores. Por unha banda, persoas profesionais expertas, con dominio específico no ámbito do seu sector produtivo, non necesariamente tituladas. Poderán impartir clases en FP cando se requiran para cubrir posibles necesidades de formación.

Por outra, as persoas expertas sénior de empresa, profesionais que poidan acollerse a unha redución parcial de xornada na súa empresa ou organismo equiparado nos anos previos á súa xubilación, ou que estean acollidos á xubilación parcial poderán contratarse para cubrir as necesidades de formación na FP ou para garantir a permanente actualización do currículo no centro por parte do equipo docente e a súa relación coa realidade produtiva.

Integración coa realidade da empresa

Ademais das novas figuras docentes, foméntase a colaboración público-privada, de tal forma que alumnos, docentes e profesionais poidan formarse e recualificarse en función dos novos retos. Ademais de favorecer a formación práctica dos estudantes nas empresas, favoreceranse as estadias temporais do profesorado nas empresas para a formación dos seus traballadores e para a actualización docente.

Tamén se dará pulo aos procesos de acreditación de competencias adquiridas a través da experiencia laboral ou outras vías non formais ou informais por parte de colectivos ou grupos de persoas pertencentes a empresas ou a organismos equiparados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Investigación e innovación

A maiores, procurarase o desenvolvemento conxunto co tecido produtivo de proxectos de innovación e investigación. Neste eido destácase o papel motor do Centro Galego de Innovación da FP Eduardo Barreiros, con sede en Ourense, e favorécese a creación de redes de centros de innovación avanzada.

Internacionalización

Ademais do incremento do plurilingüismo da FP, xa en marcha desde cursos previos, o decreto establece novas medidas en prol da internacionalización destas ensinanzas. Así, coa finalidade de contribuír á mellora da cualificación das persoas e mellorar as súas posibilidades de mobilidade e de inserción profesional, poderanse deseñar currículos de carácter internacional, que permitan realizar ofertas que combinen os currículos doutros países cos currículos de aplicación en Galicia.

No caso de incluír a formación completa dun título e un título doutro país, a formación poderá constituír unha dobre titulación internacional de FP, con validez en máis dun país

Orientación e validación

O novo decreto potencia a información e a orientación profesional e integral e incorpora a innovación e a intelixencia artificial como instrumentos para reducir o abandono escolar, maximizar o éxito do alumnado do sistema educativo galego, propiciar a mellor inserción laboral das persoas e facilitar a súa formación e capacitación ao longo da vida.

Por outra banda, introdúcese o recoñecemento mutuo de créditos ECTS entre as ensinanzas de formación profesional de grao superior e os títulos oficiais de grao universitario para facilitar o establecemento de itinerarios formativos que recoñezan a formación previamente adquirida. "É dicir, que os alumnos que rematen un ciclo poidan convalidar materias ao pasar a estudar unha carreira", indicou o presidente. Isto terá que ser desenvolvido posteriormente nun procedemento específico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RECORRE Á XUSTIZA PARA QUE O GOBERNO CENTRAL ACTÚE E PODER RECUPERAR OS MÁIS DE 2,3 M€ INVESTIDOS NO EPISODIO DOS 'PELLETS' DO 'TOCONAO'

- Galicia quere que se sente un precedente para incidentes semellantes que se poidan producir no futuro e garantir que os responsables paguen polas súas accións
- O Executivo galego lembra que as competencias na loita contra este tipo de incidentes con orixe no mar corresponden ao Estado e que nestes casos é preciso identificar posibles danos, definir medidas de reparación e repercutir os custos dos traballos realizados polas distintas administracións a quen os causou

O Consello autorizou hoxe a interposición por parte da Xunta dun recurso xudicial pola vía contencioso-administrativa contra o Goberno central para urxilo a actuar en relación co episodio dos *pellets* que chegaron á costa galega pola perda de parte da carga do buque mercante *Toconao* fronte a Portugal en decembro de 2023. O fin último é que o Executivo galego recupere os máis de 2,3 millóns de euros que investiu nos primeiros meses de 2024 para limpar as praias e sentar un precedente co que garantir que en incidentes futuros deste tipo os responsables paguen polas súas accións.

Faino tendo en conta que o Executivo central ostenta en exclusiva as competencias na loita contra incidencias destas características con orixe no mar. De feito, Galicia defende que os responsables destes episodios deben sufragar todos gastos relacionados co seu impacto no dominio público marítimo-terrestre e definir as eventuais medidas de reparación, non simplemente os custos dos traballos realizados polas autoridades nacionais, autonómicas e locais na limpeza das zonas afectadas.

No caso da Xunta, destinou máis de 2,3 millóns de euros á limpeza de praias, á xestión dos *pellets* e á súa análise para descartar posibles toxicidades, que quedaron descartadas tralas análises encargadas polo Goberno galego.

A Administración autonómica considera fundamental tamén lanzar unha mensaxe clara aos operadores marítimos internacionais de que as administracións españolas son rigorosas na aplicación da normativa vixente e entende que o Goberno central non foi todo o contundente que debería neste sentido.

Na mesma liña, a Xunta lembra que o Executivo central xa eludiu exercer as súas competencias exclusivas na loita contra episodios deste tipo con orixe no mar no momento de xestionar a chegada dos *pellets* ás praias pois descargou toda a responsabilidade nas comunidades -Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco- e concellos afectados, cando debería liderar as actuacións para facer fronte ás consecuencias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA 'O TEU XACOBEO' DOTADO CON 3 M€ PARA NUTRIR A PROGRAMACIÓN DO XACOBEO 2027 CON EVENTOS IMPULSADOS DESDE A CIDADANÍA E O TERRITORIO

- O Goberno galego reafirma o seu compromiso coa preparación deste grande evento asumíndoo como un proxecto colectivo de país baseado na colaboración público-privada
- Turismo de Galicia enmarca esta convocatoria na súa liña estratéxica de actuación e no Plan director dos Camiños de Santiago 2022-2027
- A convocatoria distribúese en dúas liñas diferenciadas, dirixidas a persoas físicas e pemes, por unha banda, e a entidades sen ánimo de lucro, pola outra
- Nas anteriores edicións concedéronse 572 proxectos, cun investimento de 8 millóns de euros e case 15 millóns mobilizados

O Consello da Xunta aprobou a convocatoria de carácter plurianual para os exercicios 2026-2027 dunha nova edición do programa O Teu Xacobeo, á cal destina 3 M €, co que o Goberno galego quere sumar ás empresas, entidades e cidadanía en xeral na celebración e deseño do programa de eventos e actos do Xacobeo 2027. A Xunta de Galicia busca así implicar o conxunto da sociedade galega neste grande evento que se converterá nun foco de proxección da Comunidade galega a nivel internacional a través de iniciativas que promovan a riqueza cultural, natural e humana do Camiño de Santiago dentro do Xacobeo 2027.

Con esta nova convocatoria, a Xunta reafirma o seu compromiso coa preparación do Xacobeo 2027 como un proxecto colectivo de país, baseado na colaboración público-privada, na participación social e na consolidación dun modelo de desenvolvemento sustentable que transcenda a propia celebración do Ano Santo.

Deste xeito, na programación do Xacobeo 2027 non só contarán actos de gran dimensión, senón tamén aqueloutros promovidos desde o territorio, con protagonistas locais que fomenten os valores xacobeos universais da solidariedade, a hospitalidade e a tolerancia, poñendo en valor recursos turísticos estratéxicos como a natureza, o patrimonio e a gastronomía.

Turismo de Galicia enmarca esta convocatoria na súa liña estratéxica de actuación pero tamén no Plan director dos Camiños de Santiago 2022-2027, na medida en que se pretenden implicar a poboación, o territorio e produtos de proximidade na promoción do Xacobeo e tamén na preservación e potenciación dos valores dos Camiños de Santiago, deseñando para iso unha programación de actividades con motivo do Xacobeo 2027, con actividades dirixidas á difusión, divulgación e promoción do Camiño de Santiago e do patrimonio material e inmaterial vinculado a el, prestando especial atención ás actividades culturais que promovan a participación, a reflexión e o debate cidadán.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A convocatoria conta cun orzamento global de 3 millóns de euros, distribuído en dúas liñas diferenciadas: unha destinada a persoas traballadoras autónomas e pemes, cunha dotación de 2 millóns de euros, e outra dirixida a entidades sen ánimo de lucro, cun importe de 1 millón de euros. As axudas poderán acadar ata o 60 % do orzamento subvencionable no caso de entidades privadas e ata o 80 % no caso de entidades sen ánimo de lucro, cun límite máximo de 25.000 euros por proxecto.

Ámbitos dos proxectos

Poderán presentarse iniciativas nos ámbitos artístico, patrimonial e de pensamento, deportivo e social, sempre que contribúan á dinamización dos Camiños de Santiago, ao desenvolvemento rural, á inclusión e á accesibilidade, e que incorporen criterios de calidade, igualdade e respecto polo ambiente. Valorarase especialmente a itinerancia das propostas, a participación cidadá, o emprego da lingua galega e a incorporación de accións de comunicación e difusión a través de canles dixitais.

Os proxectos deberán fomentar o diálogo ao redor deste grande itinerario cultural europeo dando a coñecer o patrimonio cultural xacobeo como fonte de inspiración para a creación artística contemporánea. Ademais, impulsarán o desenvolvemento das áreas rurais do Camiño de Santiago e fomentarán o coñecemento do patrimonio relacionado co Camiño de Santiago entre a mocidade a través da celebración de mostras, publicacións, creacións artísticas ou audiovisuais, obradoiros, xornadas, encontros, foros, actividades deportivas, mostras gastronómicas, festivais e eventos de formación e intercambio de pensamento, entre outras.

As solicitudes deberán presentarse exclusivamente por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, nos prazos establecidos para cada anualidade. O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrència competitiva e estará suxeito á normativa vixente en materia de subvencións e ao regulamento europeo de axudas *de minimis*.

Os proxectos que se subvencionarán ao abeiro desta convocatoria deberán executarse e xustificarse desde o 1 de xullo de 2026 ata o 30 de novembro de 2026, no caso da primeira anualidade, e desde o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2027, na segunda.

A convocatoria tamén establece as subcategorías en que se encardinarán as propostas. Así, no ámbito artístico, poderán ser iniciativas de artes visuais, deseño e moda, cinema e documental, música clásica, popular, tradicional, músicas do mundo e outras e artes escénicas, en teatro, danza, novo circo e outras.

No eido de patrimonio e pensamento, os proxectos poderán versar sobre arquitectura, arqueoloxía, etnografía, xeografía, topografía e outras, sempre e cando se trate de proxectos de divulgación académica. No que atinxe a patrimonio inmaterial, serán

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

iniciativas de antropoloxía, tradicións, oficios, artesanía, gastronomía, enoloxía e outros e no apartado de cultura científica e editorial, serán publicacións, conferencias, estudos, foros, seminarios, intercambios con expertos, xornadas formativas, libros.

Eventos deportivos e sociais

O deporte será outra das áreas en que se poderán presentar proxectos que incluírán torneos, eventos deportivos especiais, actividades dirixidas, ao aire libre, e relacionadas co benestar e coa vida activa, respectuosa coa contorna e coa natureza. Finalmente, no ámbito social, poderán ser programas de voluntariado en todas as súas dimensións e sociais e educativos no campo da igualdade, da inclusión social e da participación cidadá.

O programa O teu Xacobeo dá continuidade ao éxito acadado no Xacobeo 2021-2022, que supuxo un fito histórico na celebración dos anos santos composteláns e un importante motor de recuperación económica e social do territorio. Nas anteriores edicións, concedéronse 572 proxectos cun investimento de 8 millóns de euros e case 15 millóns mobilizados. O programa O Teu Xacobeo naceu co obxectivo de implicar a sociedade galega na celebración do dobre Ano Santo a través de proxectos socioculturais que xirasen arredor da temática xacobeá.

Máis Xacobeo 2027

O programa O teu Xacobeo súmase a outras iniciativas impulsadas pola Xunta de Galicia para converter o Xacobeo 2027 na gran cita internacional referente de Galicia. Entre elas, o Plan director de patrocinios, cuxa convocatoria ten o prazo aberto para que entidades e empresas presenten os proxectos vinculados con esta celebración, susceptibles de recibiren financiación por parte da Administración galega.

Ademais, outra das ferramentas vinculadas co sector empresarial en que está traballando a Xunta ten que ver coas exencións fiscais no contexto do Xacobeo. Neste sentido, o Executivo galego leva moito tempo insistindo ao Goberno central para que active canto antes este programa; a última ocasión, recentemente, na reunión da Comisión Executiva do Consello Xacobeo que se celebrou o febreiro pasado. O Goberno galego xa axilizou todo o posible este trámite, sen que o Goberno central teña avanzado nada neste asunto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA O CONVENIO CO CONCELLO DE LUGO PARA INCLUIR O COMEDOR DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL FINGOI Nº 2

- Eleva a case 200.000 € o orzamento para cofinanciar o servizo de comedor escolar para 1.028 usuarios de 10 centros da cidade da Muralla
- O Goberno galego colabora con 14 concellos neste eido, do que se benefician máis de 5.200 persoas en 49 centros educativos de toda Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe a ampliación do convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e o Concello de Lugo para o cofinanciamento do comedor escolar. O obxectivo é incluír neste acordo o servizo na Escola de Educación Infantil Fingoi nº 2, na cal se acaba de abrir o comedor grazas ao impulso do Goberno galego.

Esta nova addenda supón elevar a case 200.000 € o orzamento para cofinanciar o comedor para 1.028 usuarios de 10 centros da cidade da Muralla. Beneficianse del os colexios CEIP Albeiros, CEIP Anexa, CEIP As Mercedes, CEIP Illa Verde, CEIP Menéndez Pelayo, CEIP Luís Pimentel, CEIP Rosalía de Castro, CEIP Sagrado Corazón, CEIP Paradai e, a partir de agora, a EEI Fingoi nº 2, en que comen 24 usuarios.

A Xunta xestiona e sostén a maior parte dos comedores escolares galegos, nun total de 432 centros, con máis de 64.100 usuarios. A maiores, colabora con 14 concellos para cofinanciar o servizo de 49 comedores para máis de 5.200 alumnos. Faino a través da sinatura de convenios cos concellos de Ames, Barreiros, Betanzos, Cangas, Ferrol, Lugo, Meaño, Mugardos, Muíños, Oroso, Sada, Sarria, Santiago de Compostela e Vilalba, aos cales destina neste momento máis de 1,4 M €.

Por outra banda, a Consellería de Educación presta apoio ás anpas que xestionan comedores a través dunha convocatoria anual de axudas, así como a 14 entidades de atención á diversidade que prestan o servizo de comedor adaptado para alumnos con necesidades específicas escolarizados en centros especializados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INGRESARÁ MÁIS DE 10 M€ AOS CONCELLOS GALEGOS POLA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DE 2024

- O Goberno galego segue a blindar o seu compromiso coas entidades locais, aumentando a dotación global do fondo nun 11,5 % respecto ao exercicio anterior
- Desde 2008 o FCL incrementouse un 57 %, pasando dos 119 millóns de euros aos 187 millóns deste ano

A Xunta vai ingresar máis de 10 millóns de euros (10.004.659 €) aos concellos galegos pola liquidación definitiva do Fondo de Cooperación Local (FCL) do ano 2024. Así se desprende do informe presentado hoxe pola Consellería de Facenda e Administración Pública no Consello de Goberno.

A distribución do FCL entre fondo base e adicional establécese cada ano na lei de orzamentos xerais de Galicia e realízase un pagamento á conta sobre a estimación inicial do FCL. Dous anos despois, abóase a liquidación definitiva.

Con base nos últimos datos publicados polo Ministerio de Facenda, os concellos galegos reciben o 4,8 % dos recursos procedentes dos tributos do Estado cando representan o 5,7 % da poboación. Esta diferenza ten un maior impacto nos concellos máis pequenos, que son os que teñen máis dificultades para financiar a prestación dos seus servizos.

Para compensar esta desigualdade, e tendo en conta que 279 dos 313 concellos galegos teñen menos de 15.000 habitantes, a Xunta establece unha discriminación positiva a través do FCL, de tal maneira que estes concellos, que representan o 38,6 % da poboación, reciben un 78 % dos recursos procedentes da liquidación.

Deste xeito, a Xunta continúa mellorando o financiamento aos concellos de menos de 15.000 habitantes, cun incremento das entregas á conta de 5,3 millóns de euros con cargo ao fondo base. Tamén coa liquidación do fondo adicional, destinado exclusivamente a eles, con 4,7 millóns de euros.

Incremento do 57 % desde 2008

Desde o ano 2008 blíndase o financiamento dos concellos co incremento do orzamento do FCL ata o ano 2026 nun 57 %, que pasa dos 119 millóns de euros aos 187 millóns deste ano.

O Goberno galego segue a reforzar o seu compromiso coas entidades locais, aumentando neste exercicio a dotación global do fondo nun 11,5 % en relación co exercicio anterior e practicamente un 20 % no que vai de lexislatura.

Logo dunha análise comparativa co resto das comunidades, o informe conclúe que Galicia é a segunda comunidade que máis contribúe ao financiamento das corporacións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

loais a través de fondos incondicionados, segundo o Informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade 2025 da IGAE.

Novo modelo de financiamento local

Co fin de garantir a suficiencia económica dos concellos, a Xunta leva anos reclamándolle ao Goberno central a definición dun novo modelo de financiamento local que teña presentes as especiais características da comunidade, como a dispersión xeográfica ou o envellecemento, e que esa negociación se realice de forma paralela á do financiamento autonómico. Con todo, desde a Xunta xa se están a compensar estes desfases con transferencias ás entidades locais tanto co Fondo de Cooperación Local como con outras liñas de axudas específicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO PARA EXECUTAR A SENDA NA PO-313, ENTRE O CADRO E CADRELO, EN MARÍN, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 710.000 €

- Trátase de habilitar un novo itinerario peonil e ciclista pola marxe esquerda da vía autonómica nunha lonxitude de preto dun quilómetro, que inclúe elementos de drenaxe e estruturas de contención e sostemento de noiros
- Executaranse obras complementarias para garantir a funcionalidade da senda, entre as que se inclúen a instalación dunha parada de autobús á altura do quilómetro 0+700 e a execución de varios treitos de varanda urbana
- O obxectivo da Xunta é poder aprobar o proxecto construtivo e realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións no segundo trimestre, para licitar as obras tamén neste mesmo ano
- O Goberno galego, con esta nova senda na PO-313, segue a avanzar na consolidación dunha rede de mobilidade sustentable e integrada na contorna, que dá continuidade ás sendas executadas de Coirados–Pardavila e Pardavila–O Cadro

O Consello da Xunta aprobou hoxe definitivamente o proxecto de trazado para a construción dunha senda na estrada autonómica PO-313, no treito que comunica O Cadro e Cadrelo, no concello de Marín.

Tratase de construír un novo itinerario peonil e ciclista na marxe esquerda da vía, de preto de 1 quilómetro de lonxitude, cuxas obras suporán un investimento total de algo máis de 712.000 euros.

A obra deste novo itinerario, que se desenvolverá entre os puntos quilométricos 4+120 e 5+035, incluírá tamén as actuacións complementarias necesarias, en que se prevé a execución de elementos de drenaxe e estruturas de contención e sostemento de noiros, dentro do termo municipal de Marín.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Executivo autonómico comporta tamén a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos nove predios necesarios para executar esta intervención. O obxectivo é realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións no segundo trimestre, para licitar as obras para a súa execución tamén neste mesmo ano.

As obras que se van executar

A través do proxecto autorizado hoxe, o Goberno galego propónse habilitar un novo itinerario cunha lonxitude de entre 1,80 metros e os 2,22 metros (2 metros de senda e 22 centímetros de bordo), reducindo ao mínimo permitido onde sexa necesario para evitar afectar construcións existentes: muros, galpóns ou peches.

No que respecta aos carrís de circulación, manteranse cun largo de 3,50 m, con beiravías entre 0,5 e 1,1 m, ampliándose este en zonas puntuais ata os 1,1 m, onde o trazado así o permita.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén, como consecuencia da execución da senda peonil e ciclista, se executarán obras complementarias, o que fará preciso repoñer o firme da PO-313.


Prevese, ademais, un sistema de evacuación das augas de escorrega superficial conformado por unha rede de tubaxes e sumidoiros, que verterán os caudais recollidos cara aos puntos de vertedura existentes.

Así mesmo, incluíranse obras complementarias no treito de actuación, para garantir a funcionalidade da senda, como a instalación dunha parada de autobús na contorna do punto quilométrico 0+700, ou a execución de varios treitos de varanda urbana ao longo do percorrido da senda peonil e ciclista.


As actuacións previstas no proxecto aprobado hoxe poderán contar con financiamento europeo a través do programa operativo Feder 2021-2027. O prazo de execución das obras é de 12 meses.

O Goberno galego, con esta nova senda na PO-313, segue a avanzar no obxectivo mellorar a seguridade viaria e contribuír á consolidación dunha rede de mobilidade sustentable e integrada na contorna, dando continuidade funcional e formal ás sendas xa executadas de Coirados–Pardavila e Pardavila–O Cadro, con financiamento dos programas Feder 2014-2020 e Feder React.

Planos do trazado da senda:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETARÁ AS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA DE XUXÁN, NA CORUÑA, CUNHA NOVO PROXECTO DE 264 FOGARES NO CAL INVESTIRÁ 52 M€

- Este contrato inclúe a redacción do proxecto, a dirección de obra e a propia obra de construción das vivendas, que engade como obrigatorias na proposta as técnicas industrializadas
- A Xunta xa ten nalgunha fase de execución de 1.061 vivendas de promoción pública na cidade
- O investimento previsto supera os 200 M € ademais do valor das parcelas, xa que 962 vivendas se construírán en solo propiedade da Xunta e as 99 restantes en parcelas cedidas polo Concello da Coruña
- O Goberno galego avanza no compromiso de duplicar o parque de vivenda pública en 2028, acadando as 8.000 unidades, que en 2030 se incrementarán ata 10.000 tal como establece o Pacto de vivenda de Galicia 2026-2030

A Xunta construírá no concello da Coruña 264 vivendas de promoción pública (VPP) na parcela Z-44 de Xuxán, unha vez que o Consello autorizou hoxe a licitación do contrato, que inclúe a redacción do proxecto, a dirección de obra e a propia obra de construción das vivendas.

A licitación, por importe de 51.581.729,67 euros, establece que na súa construción se deben incluír obrigatoriamente técnicas industrializadas e só se terán en conta as propostas que acaden unha puntuación mínima nesta materia.

A parcela onde se situarán as vivendas de promoción pública (VPP) ten unha superficie aproximada de 4.080 metros cadrados e é propiedade da Xunta de Galicia. Esta é unha das dúas parcelas incluídas, por proposta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), na modificación do PXOM da Coruña co obxectivo de cambiar a residencial o uso a que estaban destinadas inicialmente, que era o terciario.

Noutra destas parcelas, a Z-46, tamén se construírán 264 vivendas. Neste caso xa foi licitado o contrato para a redacción do proxecto e dirección de obra o pasado 16 de xaneiro, por un importe de 1.620.805,30 euros.

Con esta licitación son xa 1.061 as vivendas de promoción pública que a Xunta ten en distintas fases de execución no concello da Coruña, incluídos os 150 aloxamentos compartidos para menores de 36 anos e as 168 vivendas de Elviña, destinadas preferentemente á mocidade.

O investimento previsto por parte da Xunta supera os 200 millóns de euros, ademais do valor das parcelas, xa que 962 vivendas se construírán en solo propiedade da Xunta e as 99 restantes en parcelas cedidas polo Concello da Coruña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego avanza así no compromiso de duplicar o parque de vivenda pública en 2028, acadando as 8.000 unidades, que en 2030 se incrementarán ata 10.000, tal como establece o Pacto de vivenda de Galicia 2026-2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA DECLARAR UNHA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL EN CORTEGADA, A PRIMEIRA NO CONCELLO

- A delimitación proposta para a ARI atópase na parroquia de Santa María, que concentra os principais servizos municipais e vías de comunicación
- Esta ARI poderá participar nos repartos de fondos autonómicos ou estatais destinados a obras de rehabilitación de vivendas ou de urbanización
- Na actualidade existen 79 ARI en 46 concellos e 3 ARI supramunicipais, que se corresponde cos Camiños de Santiago, co Parque nacional das Illas Atlánticas e a Ribeira Sacra

O Consello da Xunta acordou hoxe a declaración dunha Área de Rehabilitación Integral (ARI) en Cortegada, a primeira ARI neste concello.

A delimitación proposta para esta ARI atópase na parroquia de Santa María, que concentra a meirande parte dos servizos municipais e onde converxen as principais vías de comunicación. A superficie total do ámbito é de 36.780,59 m².

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas informou hoxe da declaración desta nova ARI, que ten como obxectivo facilitar a rehabilitación de vivendas e obras de urbanización e reurbanización, repercutindo sobre as condicións de vida dos veciños, mellorándoas.

Esta ARI poderá participar nos repartos de fondos que se realicen no futuro con cargo a plans autonómicos ou estatais destinados a estas actuacións.

O Goberno galego, coa declaración destas ARI, dá cumprimento ao seu obxectivo de facilitar oportunidades aos cidadáns para mellorar a calidade das súas vivendas, a través da posta á disposición dos concellos fondos para a execución de actuacións de urbanización e reurbanización. Así, avánzase na recuperación e conservación do patrimonio edificatorio dos concellos de Galicia.

Na actualidade existen 79 ARI declaradas en 46 concellos e ademais hai tres ARI supramunicipais, que se corresponde cos Camiños de Santiago, Parque nacional das Illas Atlánticas e Ribeira Sacra. En total, 162 concellos galegos contan, polo menos, cunha ARI.

Plano no que se amosa o ámbito da ARI:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 7,1 M€ A ENTIDADES PARA A ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUBSTANCIAS ADICTIVAS

- O Executivo galego autoriza os convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e cinco entidades sen ánimo de lucro, cun incremento da dotación dun 2 % con respecto ao ano pasado
- Durante 2025, un total de 4.664 persoas participaron nos programas e actividades que desenvolveron estas asociacións
- As adiccións son consideradas unha enfermidade que require dun tratamento multidisciplinar e personalizado
- Desde o 1 de xaneiro o Servizo Galego de Saúde asumiu as unidades asistenciais de atención á drogodependencia de titularidade municipal
- A Xunta foi pioneira ao aprobar a Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención de condutas adictivas, que entrou en vigor este sábado 7 de marzo

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e cinco entidades sen ánimo de lucro para a asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, que acadan un investimento global de 7.184.220 euros.

O Executivo galego incrementa este ano un 2 %, máis de 140.000 euros, o investimento que o Servizo Galego de Saúde destina ás distintas asociacións para o desenvolvemento de programas de asistencia sanitaria especializada, atendendo á planificación, criterios e guías e procedementos establecidos polo departamento sanitario galego.

En concreto, a Xunta achegará 1.245.119 euros á Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo Proxecto Home; 2.111.209 euros á Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (Aclad); colaborará coa Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro), achegando 1.169.901 euros; á Asociación Cruz Vermella de Lugo destinará un investimento de 777.972 euros, e á Asociación Cidadá de Loita contra a Droga (Alborada) de Vigo un importe de 1.880.019 euros.

Durante o ano pasado, 4.664 persoas participaron nos programas e actividades que desenvolveron estas entidades sen ánimo de lucro, das cales 3.762 foron homes e 902 mulleres.

Atendendo á demanda trasladada polas propias entidades, estas poderán solicitar, a partir da entrada en vigor dos convenios, o día seguinte ao da súa sinatura, anticipos para a realización destas actividades por un máximo do 70 % do importe total do convenio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tratamento multidisciplinar

Na actualidade, as adiccións son consideradas unha enfermidade que require dun tratamento multidisciplinar e personalizado. Así, ante calquera problema relacionado coas adiccións, aconséllase acudir a un centro de tratamento específico directamente, ou ben solicitar axuda aos profesionais de atención primaria, para que poidan avaliar cada un dos casos e derivaralos aos centros que procedan.

A poboación destinataria destes programas é especialmente vulnerable, ao tratarse de persoas con trastornos adictivos, o que incrementa a súa exposición á exclusión social, aos riscos de reincidencia e á dificultade de acceso aos recursos públicos e comunitarios.

A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, a través da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental, é a responsable de desenvolver as actuacións sanitarias en relación coa saúde mental nos centros sanitarios, así como a rede de centros de drogodependencias e de impulsar a cooperación e coordinación cos órganos ou unidades da Administración xeral da comunidade competentes en materia de servizos sociais, de cara a fomentar o desenvolvemento e a integración das prestacións sociosanitarias.

Cómpre lembrar que a Xunta aprobou o Decreto 127/2025, do 29 de decembro, de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas unidades asistenciais de atención á drogodependencia de titularidade municipal e, desde o pasado 1 de xaneiro, as 13 unidades existentes pasaron a integrarse no Servizo Galego de Saúde.

A Xunta tamén foi pioneira ao aprobar a Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención de condutas adictivas, que entrou en vigor este sábado 7 de marzo. Esta norma sitúa Galicia á cabeza na protección da xente nova fronte ás novas formas de adicción e convértea na primeira comunidade en abordar novos hábitos non saudables da mocidade ao equiparar o consumo de bebidas enerxéticas ao alcohol e os vapeadores ao tabaco.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 100.000 EUROS A AXUDAR ÁS FARMACIAS QUE SE LOCALICEN EN ZONAS FARMACÉUTICAS ESPECIAIS

- A finalidade destas subvencións é facilitar o mantemento das oficinas de farmacia como servizo básico imprescindible para favorecer o arraigo da poboación no rural
- As axudas están destinadas a compensar os gastos de funcionamento das oficinas de farmacia de zonas especiais e apoiar as contratacións de farmacéuticos adxuntos para facer viables os servizos de garda ou suplencias nas épocas de vacacións
- As zonas farmacéuticas especiais son 29, das que 18 corresponden á provincia de Ourense e 11 á de Lugo

A Xunta destinará preto de 100.000 euros a axudar ás farmacias que se localicen en zonas farmacéuticas especiais.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza á Consellería de Sanidade a concesión de anticipos correspondentes á orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas para este ano destinadas ás oficinas de farmacia que se localicen en zonas farmacéuticas especiais, por importe total de 99.600 euros.

As axudas están destinadas a compensar os gastos de funcionamento das oficinas de farmacia destas zonas especiais. Tamén a apoiar as contratacións de farmacéuticos adxuntos para as quendas de garda ou suplencias para as épocas de vacacións, realizadas no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. Isto permitirá ás persoas titulares das oficinas de farmacia situadas en zonas farmacéuticas especiais exercer o seu dereito á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das axudas os titulares de oficinas de farmacia que se encontren localizadas en zonas farmacéuticas especiais e cuxo titular estea empadroado en calquera dos concellos da comunidade.

Para resultar beneficiario destas axudas, a oficina de farmacia de que é titular deberá acreditar ter cumprido, entre outros, algúns dos seguintes criterios:

- Tratarse dunha oficina de farmacia situada nunha zona farmacéutica especial e que se atope en situación de viabilidade económica comprometida.
- Tratarse dunha oficina de farmacia que teña realizado o ano pasado gardas 365 días, sempre e cando teña acreditada en 2025 unha facturación por receitas oficiais do Sistema nacional de saúde inferior aos topes especificados para cada un dos supostos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co obxecto de facilitar a asunción dos custos de funcionamento das oficinas de farmacia, realizarase un pagamento único do 100 % da contía da subvención en concepto de anticipo. O importe máximo total da subvención por persoa beneficiaria para a totalidade do período a que se refire a subvención, incluíndo os gastos xerais de funcionamento de locais e de persoal, será de 18.000 euros/ano.

Accións que se subvencionarán

A subvención consistirá nunha cantidade fixa e predeterminada destinada a compensar os gastos xerais de funcionamento da oficina de farmacia: alugueiro ou asimilados, vinculados á dispoñibilidade do local da oficina de farmacia, limpeza, electricidade, auga, calefacción, seguridade, servizos de telecomunicacións, adquisición e mantemento do software necesario para levar a cabo os actos de prestación farmacéutica, gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, IBI do local da oficina de farmacia, cotas de colexiación, pólizas dos seguros relacionados coa actividade subvencionada e os gastos polos servizos das cooperativas de distribución de produtos farmacéuticos.

Tamén a subvención irá destinada a compensar os gastos correspondentes á contratación de persoal facultativo (farmacéuticos adxuntos ou suplentes) para o apoio das épocas de vacacións e/ou servizos de garda e as cotas de autónomo da persoa titular, comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Para o suposto de que a oficina de farmacia cumpra máis dun criterio, o importe máximo total da subvención por persoa beneficiaria para a totalidade do período a que se refire a subvención, incluíndo os gastos xerais de funcionamento de locais e de persoal, será de 18.000 euros/ano.

Para a súa consideración como zonas farmacéuticas especiais, os colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia e a Consellería de Sanidade acordaron unha serie de criterios, entre os cales se atopan que a zona conte cunha densidade de poboación igual ou inferior a 10 habitantes por km² e que dispoña dunha única oficina de farmacia; que todos os establecementos farmacéuticos da zona estean en situación de viabilidade económica comprometida ou, no caso das farmacias do rural, que non resulte posible a rotación de quendas de garda.

Prestación farmacéutica a toda a cidadanía

A Xunta publicou no *Diario Oficial de Galicia* do 18 de febreiro a declaración de 29 zonas farmacéuticas especiais, que establece apoios e medidas específicas para facilitar a viabilidade das boticas rurais co obxectivo de garantir a prestación farmacéutica a toda a cidadanía galega, viva onde viva.

Para estes efectos, teñen a consideración de zona farmacéutica especial as da Gudiña, A Mezquita, A Peroxa, A Teixeira, As Nogais, A Veiga, Baleira, Baltar, Calvos de Randín, Carballeda de Valdeorras, Castrelo do Val, Cervantes, Chandrexa de Queixa, Folgoso do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Courel, Larouco, Laza, Manzaneda, Montederramo, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, O Bolo, Ourolo, Parada de Sil, Pedrafita do Cebreiro, Ribeira de Piquín, Samos, San Xoán de Río e Vilariño de Conso.

En total, trátase de 29 zonas, das que 18 corresponden á provincia de Ourense e 11 á de Lugo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA REXISTRA UNHA TENDENCIA SOSTIDA Á BAIXA NO CONSUMO DE ALCOHOL E DROGAS NOS ALUMNOS DE ENSINANZAS SECUNDARIAS

- O presidente subliña que os resultados da enquisa Estudos 2025 confirman que a comunidade presenta un perfil de consumo máis favorable que a media estatal
- Salienta que o consumo intensivo ocasional de alcohol cae á metade nos últimos dous anos ata situarse no 6%
- A presenza do tabaco segue a diminuír de forma consistente, cun consumo diario xa minoritario, do 5,6 %
- As bebidas enerxéticas presentan unha prevalencia do 31,3 %, especialmente entre os rapaces, case sete puntos por debaixo da media estatal
- Destaca que o 15,5 % do alumnado galego de 14 a 18 anos presenta un uso compulsivo da internet, cifra inferior á media estatal, que se sitúa no 19,4 %
- Resalta que acaba de entrar en vigor a Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención de condutas adictivas, que sitúa Galicia como a primeira comunidade en prohibir a venda de bebidas enerxéticas e dos vapeadores a menores

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que os datos da Enquisa sobre uso de drogas en ensinanza secundaria en España (Estudos 2025) amosan que Galicia se sitúa nunha posición favorable no conxunto do Estado, cunha tendencia sostida á baixa no consumo de alcohol, tabaco, cánnabis, hipnosedantes e bebidas enerxéticas, en comparación co último estudo realizado hai dous anos (Estudos 2023).

O Consello da Xunta abordou hoxe os resultados deste estudo epidemiolóxico de ámbito estatal, realizado con periodicidade bienal desde 1994, cuxo obxectivo é coñecer a situación e as tendencias do consumo de drogas e doutras adiccións entre o alumnado de ensinanza secundaria de 14 a 18 anos.

Os resultados do Estudos confirman que Galicia presenta un perfil de consumo máis favorable que a media estatal, consolidando un modelo de prevención sólido, sostido no tempo e baseado en datos, que protexe a saúde da mocidade galega. Nesta liña, o presidente lembrou que a pasada fin de semana entrou en vigor a Lei de protección da saúde de persoas menores e prevención de condutas adictivas, que sitúa Galicia como “a primeira comunidade autónoma en prohibir as bebidas enerxéticas aos menores de idade e os vapeadores”.

No caso de Galicia, o informe baséase na mostra estatal asignada á comunidade, reforzada cunha ampliación da mostra específica promovida pola Xunta de Galicia, o que permite dispoñer de resultados autonómicos con suficiente precisión estatística.

Os datos obtidos constitúen unha ferramenta clave para o deseño, seguimento e avaliación das políticas públicas de prevención das adiccións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En paralelo á baixada do consumo de drogas, descríbese un cambio no modelo de lecer da mocidade galega cara a máis práctica deportiva e actividades saudables, o que se interpreta como un factor de protección que reforza o impacto das accións preventivas nos centros educativos da nosa comunidade. En concreto, o 74 % dos estudantes en Galicia referiron na enquisa practicar algún deporte semanalmente.

Consumos

Rueda salientou que un dos principais resultados da enquisa é que “o consumo intensivo ocasional de alcohol entre os adolescentes galegos descendeu sensiblemente” do 12,3% no 2023 ao 5,8% en 2025.

O alcohol segue a ser a substancia máis consumida entre o alumnado galego de 14 a 18 anos, cunha prevalencia de consumo algunha vez na vida do 72,9 %. Ao respecto, Galicia consolida unha clara mellora, cun descenso de máis de 2,5 puntos porcentuais respecto a 2023 (75,4 %).

Ademais, Galicia sitúase por debaixo da media estatal no consumo de alcohol entre o alumnado de 14 a 18 anos, tanto no consumo algunha vez na vida (72,9 % Galicia e 73,9 % España) como no consumo recente, consolidando unha posición máis favorable que o conxunto de España.

O consumo nos últimos 30 días sitúase en Galicia no 51,3 % (51,8 % en España), cunha evolución descendente sostida (58,8 % Estudos 2023), que confirma que cada vez menos adolescentes galegos consomen alcohol de forma habitual. Galicia presenta rexistros inferiores aos estatais, confirmando unha evolución máis positiva e unha menor consolidación do consumo habitual na adolescencia galega.

As condutas de maior risco tamén amosan unha evolución favorable. As intoxicacións etílicas nos últimos 30 días descendén e afectan o 17,9 % do alumnado (23,3 % no anterior Estudos).

Pola súa banda, o consumo de tabaco segue a diminuír de forma consistente, con prevalencias por debaixo do 30 % (29,2 %) algunha vez na vida, e cun consumo diario xa minoritario (5,6 %).

O cánnabis mantén unha tendencia á baixa, cun consumo algunha vez na vida situado arredor do 20 % (20,2 %), e cun descenso claro no consumo recente (baixa do 18,6 % ao 12,2 %), presentando prevalencias similares ou inferiores á media estatal e afastando a Galicia dos escenarios de maior risco observados noutras comunidades.

No consumo de hipnosedantes en 2025, Galicia mantense igualmente en niveis lixeiramente inferiores ao conxunto de España, cun menor peso do consumo sen prescrición médica (3,5 % en Galicia nos últimos 30 días fronte ao 3,9 % en España).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As bebidas enerxéticas presentan unha prevalencia do 31,3 %, especialmente entre os rapaces, valores bastante inferiores á media estatal (38,4 %), cun patrón máis contido nas idades máis temperás, o que permite á Xunta identificar con claridade ámbitos prioritarios de intervención preventiva, actuando con anticipación e enfoque selectivo.

Comportamentos dixitais

No ámbito dos comportamentos dixitais, “o 15,5 % do alumnado galego de 14 a 18 anos presenta un uso problemático de internet, dous puntos menos que no 2023” e cifra inferior á media estatal, que se sitúa no 19,4 % (20,5 % en 2023).

A frecuencia problemática de uso de redes sociais nos últimos 30 días sitúase en Galicia no 20 % e en España no 21,1 %.

No caso dos videoxogos, en Galicia o 83,7 % (84,1 % en 2023) do alumnado recoñece ter xogado a videoxogos no último ano, proporción por baixo da rexistrada en España (84,4 %)

O xogo problemático con diñeiro entre menores continúa a ser residual en Galicia: apenas arredor do 5 % do alumnado no último ano (4,4 %) (4,7 % en 2023), fronte a porcentaxes máis elevadas no conxunto do Estado (4,9 %) (4 % en 2023).

En conxunto, os datos do Estudos 2025 confirman que Galicia presenta un perfil de comportamentos de risco máis contido e mellor evolucionado que a media estatal, avalando un modelo preventivo integral, baseado na educación, a contorna familiar, a escola e a comunidade, e orientado á protección da saúde e do benestar da mocidade galega.

O marco utilizado para seleccionar a mostra foi a poboación de estudantes matriculada en centros educativos con 3º e 4º de ensino secundario obrigatorio (ESO), 1º e 2º de bacharelato, 1º e 2º de ciclos de formación profesional básica e ciclos formativos de grao medio de formación profesional. O período de recollida de datos foi do 10 de febreiro ao 12 de maio de 2025.

Medidas da Xunta

A Xunta foi a primeira administración autonómica en elaborar unha norma que abrangue todos os riscos de comportamento adictivo para os menores de idade, incluídos os produtos emerxentes.

Ademais, a Consellería de Sanidade vén traballando en distintos proxectos co obxectivo de diminuír as prevalencias de condutas adictivas (con ou sen substancia) en Galicia. Unha clara mostra disto son as subvencións para o período 2025-2028, destinadas á realización de programas de prevención de condutas adictivas nos ámbitos educativo, familiar e xuvenil por parte de asociacións sen ánimo de lucro e concellos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Plataforma Sanidade Mediaverso de contidos para promover a saúde e a web Xanela aberta, dirixida a familias, son outras das ferramentas implementadas pola Consellería de Sanidade.

Tamén son destacados os programas Apuntámonos a non beber e Clases sen Fume, integrados no Plan Proxecta de innovación educativa e realizados nos centros educativos.

Ademais, púxose en marcha un novo programa Adestrar sen pantallas, gañar en saúde, co que se pretende concienciar a adolescencia e as súas familias sobre un uso axeitado de pantallas (móviles, tabletas, PC etc.) a través do persoal adestrador previamente formado na materia.

En canto ao tabaco, un dos eixes do Plan inspira saúde da Xunta aposta por acadar unha xuventude sen fume. Tamén está previsto o envío de escritos aos concellos indicándolles a oportunidade de colocar carteis que informen da prohibición de vender e/ou consumir bebidas alcohólicas en instalacións da súa titularidade en que se celebren competicións deportivas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FOMENTA A VISIBILIDADE DO AUDIOVISUAL GALEGO CUN NOVO CONVENIO DE 70.000 € PARA A ORGANIZACIÓN DOS XXIV PREMIOS MESTRE MATEO

- O Consello autoriza a sinatura do acordo de colaboración coa Academia Galega do Audiovisual para o desenvolvemento destes galardóns mantendo a mesma achega que en 2025
- Entregaranse o vindeiro 21 de marzo en Lugo nunha gala presentada pola actriz Trisha Fernández e o cómico Federico Pérez
- As catro longametraxes finalistas, así como varias das curtas e documentais, contaron para a súa realización con subvención do Goberno galego no marco do programa anual de axudas ao sector

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio anual entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Academia Galega do Audiovisual, en virtude do que o Goberno autonómico renova a súa contribución de 70.000 euros para a organización da 24ª edición dos Premios Mestre Mateo. A dotación desta colaboración mantense na mesma cifra que o pasado 2025, ano en que se incrementara nun 16 % respecto a 2024.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude continúa así co apoio a estes galardóns e ao seu papel como plataforma que dota de gran visibilidade o mellor da produción galega máis recente e que permite compartir coa sociedade a capacidade e calidade dun sector que está a obter tamén numerosos recoñecementos a nivel internacional. Convocados pola Academia Galega do Audiovisual, colectivo que agrupa máis de 450 profesionais de diferentes ámbitos artísticos e técnicos da industria, estes recoñecementos poñen o foco nos máis destacados traballos de 2025 en 25 categorías, ademais de levar a cabo diferentes actividades previas de difusión, tales como proxeccións e coloquios.

Novidades en 2026

A cidade de Lugo acollerá por vez primeira a cerimonia de entrega dos Mestre Mateo, que terá lugar no Auditorio Fuxan os Ventos nunha gala dirixida pola realizadora Marta Arévalo. A presentación correrá a cargo da actriz Trisha Fernández e mais o cómico Federico Pérez, mentres que Mondra será quen poña a música en directo. Durante o acto tamén recibirá o galardón de honra Fernando Rey a lingüista e tradutora Rosa Moledo.

A convocatoria de 2026 inclúe dúas novidades de contido, como son o I Premio Especial do Público, que leva o apoio específico da marca da Xunta, Galicia Calidade, para que a audiencia poida votar pola súa película favorita entre as catro longas finalistas. Tamén se ofrecerá por vez primeira un espectáculo en directo desde outro escenario do propio Fuxan os Ventos. Esta función especial será presentada polo cómico Rafa Durán.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Reflexo do apoio autonómico

Este ano, todas as obras que concorren a mellor longametraxe de ficción: *Antes de nós*, *Sirat*, *As liñas descontinuas* e *San Simón*, contaron para a súa realización con subvención da Xunta de Galicia a través das liñas anuais de axudas á produción e coprodución de proxectos audiovisuais. Tamén chegaron ás pantallas co apoio do Goberno galego moitos dos títulos presentes como finalistas noutras categorías: as curtametraxes *Abellón*, *Adeus Berta*, *Algo novo que contar*, *Lucus* e *O corpo de cristo*; a serie de televisión *Bibopalula*, ou os documentais *360 curvas*, *Deuses de pedra* e *O silencio herdado*.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude mantén unha estreita relación de colaboración e diálogo cos principais colectivos profesionais representativos dos diferentes ámbitos que conforman as industrias culturais. Neste contexto, contribúese economicamente á organización de galardóns sectoriais pola súa función de altofalante da calidade e riqueza das empresas culturais e artistas do país. É o caso dos Premios Mestre Mateo do audiovisual, pero tamén dos María Casares de teatro que desenvolve a Asociación de Actores e Actrices de Galicia e os Martín Códax da asociación Músicas ao Vivo. A esta terna de convocatorias únese desde novembro de 2025 a dos I Premios da Industria Musical de Galicia organizados pola Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) coa colaboración, así mesmo, da Axencia Galega das Industrias Culturais.

A cooperación coa Academia Galega do Audiovisual insírese no programa de apoio a este sector que a Xunta de Galicia leva a cabo e cuxo eixe central son as convocatorias anuais de subvencións, que abranguen as diferentes etapas do proceso cinematográfico, desde a creación ata a distribución. Para 2026 está previsto o lanzamento de oito liñas dirixidas ao sector audiovisual cun orzamento global de máis de 6,7 millóns de euros, das cales tres están xa convocadas (produción/coprodución, festivais e promoción do talento).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA IMPULSA UN ESTUDO PARA A RECUPERACIÓN
PRODUTIVA DA ZAMBURIÑA NA RÍA DE FERROL**

- Analizarase o hábitat desta especie, o seu ciclo fenolóxico, a captación de semente local e a identificación de substratos presenciais nos diferentes estadios de crecemento
- Este proxecto afondará en manter a capacidade extractiva, a través do coñecemento sólido que permita tomar decisións de xestión eficaces a medio e longo prazo

A Consellería do Mar, dentro do proxecto Redemar, impulsa o estudo de avaliación do estado das poboacións de zamburiña na ría de Ferrol para a súa conservación e xestión sustentable. O Consello da Xunta deu conta do convenio de colaboración que rexe esta actuación, e que a Administración autonómica promove en colaboración coa Axencia Estatal do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), a través do Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo (IIM).

Financiado pola Xunta cun importe total de 167.653 euros durante o período 2026-2027 e no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), elaborárase un plan de manexo espazo-específico para a recuperación das poboacións deste bivalvo.

Neste senso, abordarase a caracterización ecosistémica, prestando especial atención á composición do substrato, e creación de modelos de hábitat para adultos e xuvenís que permitan delimitar *nurseries* e zonas máis favorables para o sementado; así como o ciclo gonadal das poboacións adultas ao longo dun gradiente lonxitudinal na ría, co fin de comprobar que a estratexia extractiva está en concordancia co ciclo gametoxénico actual; a capacidade de captación de semente como posible suplemento de xuvenís á poboación, empregando colectores artificiais e restos de cunchas para avaliar a sincronía entre captación e estado gonadal; e os substratos preferenciais da especie no laboratorio coa finalidade de coñecer a posibilidade dunha restauración dos fondos en zonas con especial potencial para a especie e análise do biso (incluíndo morfometría e funcionalidade).

Con este estudo, a Xunta avanza na demanda do sector de incrementar o coñecemento sobre esta especie para garantir a súa protección e a sustentabilidade, xa que tamén ofrecerá ferramentas para mellorar a xestión ambiental e reforzará a economía local, ao permitir planificar campañas máis eficientes, evitando extraccións en momentos ou zonas que danen a reposición natural da especie.

Na ría de Ferrol sitúase o banco mariqueiro de zamburiña máis destacado de Galicia, e, en consecuencia, este bivalvo é un dos principais recursos da actividade marisqueira da zona.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA REFORZA ESTE ANO A RECOLLIDA SEPARADA DE ENVASES CON ACCIÓNS ADAPTADAS ÁS SINGULARIDADES DOS CONCELLOS E UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 6,2 M €

- O Consello analizou un informe que recolle actuacións específicas en áreas rurais, centros históricos ou zonas con actividade turística intensa, así como en lugares con grande afluencia de público como eventos deportivos ou culturais
- Entre as medidas previstas ao abeiro dos convenios da Xunta con Ecoembes e Ecovidro está tamén a recollida porta a porta para a hostalaría, a dotación de contedores para zonas estreitas e sistemas temporais para almacenar refugallos
- Ponse o foco na consecución dunha maior equidade territorial valorando cuestións como a dispersión xeográfica, a dificultade loxística e a variabilidade da poboación dos municipios (censada, estacional e turística), con especial apoio aos rurais

A recollida separada de envases de orixe doméstica refórzase este ano en Galicia coa planificación de distintas accións adaptadas ás singularidades dos concellos, especialmente dos rurais, e un investimento de máis de 6,2 millóns de euros.

O Consello analizou hoxe un informe que detalla as actuacións previstas en 2026 co fin de mellorar os resultados neste eido e na reciclaxe ao abeiro dos convenios asinados recentemente cos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) Ecoembes e Ecovidro. O fin último é dar unha resposta integral e territorializada para mellorar a recollida separada e a eficiencia dos servizos municipais.

A estratexia caracterízase pola proximidade ao territorio, a atención ás necesidades específicas dos concellos -urbanos, rurais, con centros históricos ou actividade turística intensa- e a aposta por intervencións de alto impacto social e operativo. Nesta liña, intensifícanse as accións nas instalacións municipais de xestión de residuos, o apoio aos lugares en que se xeran grandes cantidades de envases -como mercados, hostalaría ou eventos deportivos e culturais-, a incorporación de solucións máis modernas e sinxelas e unha coordinación máis fluída entre administracións.

As liñas de actuación que se van desenvolver ao abeiro do convenio asinado pola Xunta con Ecoembes supoñen un investimento de máis de 5,2 millóns de euros e teñen como obxectivo modernizar o servizo, reducir impropios, mellorar a eficiencia municipal na recollida e asegurar a correcta separación nun sistema máis complexo debido á variedade de materiais e á diversidade das realidades locais.

De feito, ponse o foco na consecución dunha maior equidade territorial valorando cuestións como a dispersión xeográfica, a dificultade loxística e a variabilidade da poboación dos municipios (censada, estacional e turística), con especial apoio aos rurais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as accións previstas para optimizar o servizo está a renovación, mellora e adaptación dos contedores, incluíndo sistemas que axudan a evitar que se depositen residuos que non corresponden -mellorando así a calidade da separación-, garantindo unha dotación axeitada adaptada ás necesidades reais de cada concello.

A maiores, reforzaranse as actuacións nos sectores e espazos que concentran grandes volumes de envases, como hostalaría, eventos -deportivos e culturais-, zonas turísticas, portos, praias ou mesmo o Camiño de Santiago, integrando así a recollida en contextos que tradicionalmente quedaban fóra do circuíto habitual.

Entre as medidas previstas están tamén a realización de campañas de sensibilización adaptadas ao modelo de servizo de cada municipio -especialmente relevantes nos concellos con recente implantación do contedor de residuos de envases lixeiros-, a realización de estudos técnicos, a formación dos distintos perfís profesionais involucrados no sistema -operarios municipais, policía local, técnicos e sectores económicos- ou o desenvolvemento de proxectos transformadores como pilotos de recollida porta a porta de papel-cartón e ensaios de sistemas de identificación de usuario co fin de avanzar na responsabilidade individualizada na separación.

Vidro

Mentres, as liñas de actuación do convenio asinado polo Executivo galego con Ecovidro supoñen un investimento de 1.050.000 euros e busca adaptar as solucións á realidade urbana, hostaleira, histórica e rural, garantindo a dispoñibilidade de ferramentas eficaces para avanzar nos obxectivos de reciclaxe.

Nesta liña, intensificarase a acción nos núcleos urbanos -centrada nos barrios con maior xeración de vidro- e un servizo adaptado ao sector hostaleiro, articulado a través de servizos de recollida directa nos puntos de xeración -porta a porta-, a dotación de contedores adaptados ao uso profesional e actividades formativas que acompañan o sector na mellora da separación.

A maiores, incorporaranse novos puntos de recollida e implantaranse solucións innovadoras en contornas singulares, como a recollida directa en zonas estreitas ou con limitacións, minipuntos de depósito en centros históricos e sistemas que permitan gardar temporalmente os refugалlos ata a súa recollida.

Por último, entre outras accións, desenvolveranse campañas de comunicación de amplo alcance e accións asociadas a eventos de grande afluencia -deportivos ou culturais, como concertos- e ao Camiño de Santiago, pois reforzan o cambio de comportamento necesario para incrementar as taxas de reciclaxe.

Estas medidas de mellora do servizo para avanzar na recollida separada destes residuos de orixe doméstica -envases lixeiros, papel-cartón e vidro- enmárcanse nuns convenios cos SRAP Ecoembes e Ecovidro que tamén supoñen ingresos para as arcas municipais,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pois retribúen o traballo que realizan as entidades locais na xestión e recollida deses refugallos e a súa contribución á reciclaxe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PLAN DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA PARA ESTE ANO 2026

- O obxectivo inicial é realizar máis de 1.800 visitas, unha cifra que se prevé incrementar ata situarse sobre as 2.000 cando finalice o exercicio
- Revisarase o 100 % dos centros de menores e das residencias e centros de día para persoas maiores
- Tamén se prestará especial atención aos centros de igualdade e aos programas da Rede galega de atención temperá
- Reforzaranse o asesoramento aos centros para que cumpran a normativa e non inclúan cláusulas abusivas aos usuarios

O Consello da Xunta informou hoxe sobre a aprobación do Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para este ano e sobre o cumprimento dos obxectivos previstos en 2025. O novo plan continúa a liña de traballo de exercicios anteriores, co obxectivo seguir garantindo unha atención de calidade.

Ao longo deste ano estímase que se realizarán máis de 1.800 inspeccións, unha cantidade que pode ser superior ás previstas, tal e como aconteceu no ano 2025. Por áreas, o plan prevé inspeccións no 100 % dos centros de menores e dos puntos de encontro familiar, así como o 80 % dos centros de atención á infancia e todas as casas niño.

No ámbito de maiores, discapacidade e dependencia, visitarase o 100 % das residencias e dos centros de día para persoas maiores e velarase polo cumprimento da normativa en todas as casas do maior. Tamén se inspeccionará o 65 % tanto das residencias como dos centros de día para persoas con discapacidade.

Así mesmo, en materia de inclusión e servizos sociais comunitarios levaranse a cabo máis de 450 inspeccións, con especial atención aos centros de igualdade que presten servizos a mulleres vítimas da violencia de xénero, así como ao desenvolvemento dos programas da Rede galega de atención temperá.

Para a programación das visitas de inspección, incidirase nos centros sancionados anteriormente ou con denuncias reiteradas, así como a aqueles que levan máis tempo sen inspeccionarse.

Ademais, dentro das actividades recollidas no plan, reforzaranse os labores de información ás entidades prestadoras de servizos sociais para o cumprimento da normativa para a posta de marcha de centros, servizos ou programas, así como para o adecuado funcionamento destes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As entidades tamén recibirán asesoramento respecto ao contido dos contratos que deben subscribir coas persoas usuarias, co obxectivo de que estes non inclúan clausuras que poidan considerarse abusivas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PLAN RENOVA O TEU VEHÍCULO IMPULSA UN 24% A MATRICULACIÓN DE VEHÍCULOS NO QUE VAI DE ANO E CONVERTE GALICIA EN REFERENTE NACIONAL

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe o balance da última edición do programa, que en menos dun mes esgotou os 3,5 M€ de orzamento e favoreceu a mobilización directa de 37 M€
- Os datos reflicten o éxito das axudas do Goberno galego, cun crecemento nas vendas na comunidade que multiplican por cinco as rexistradas no conxunto do Estado
- O plan facilita a adquisición de turismos e furgonetas cun custo inferior ou igual a 42.000 €, que se amplía a 47.000 € para vehículos eléctricos
- A contía dos apoios oscila entre os 3.000 e os 4.000 euros segundo os niveis de emisións e chega ata os 4.600 euros para familias numerosas

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o balance da última edición do Plan Renova o teu vehículo, o programa que impulsa o Goberno galego para fomentar unha mobilidade eficiente e reducir as emisións de carbono. A iniciativa da Consellería de Economía e Industria consolídase como o plan de referencia para a substitución de vehículos antigos por outros máis eficientes, menos contaminantes e máis seguros. Na edición deste ano recibíronse máis de 1.500 solicitudes que esgotaron o crédito reservado para particulares do total de 3,5 millóns de euros dispoñible e que sitúan a nosa Comunidade como a rexión co maior incremento de matriculacións no último ano.

Segundo os datos facilitados polo sector, coincidindo coa posta en marcha do Plan Renova o teu vehículo, as matriculacións de turismos en Galicia aumentaron en febreiro de 2026 un 31 % respecto a mesmo período do ano anterior, fronte ao 7,5 % no conxunto de España, é dicir, creceron catro veces máis. Desde inicios deste ano, as vendas subiron un 23,9 % fronte ao 4,6 % das rexistradas en España.

A terceira edición do Plan Renova o teu vehículo abriu o prazo de solicitudes o pasado 22 de xaneiro e, malia que os apoios poden solicitarse ata o 30 de setembro, en a penas un mes xa se esgotou o crédito dispoñible para particulares. En total recibíronse 1.529 solicitudes cunha axuda asociada de 3.508.000 euros, das que 1.465 corresponden a persoas físicas e 64 a empresas. No que respecta ao tipo de vehículo, o 72 % correspóndese con turismos con emisións iguais ou inferiores a 118 CO₂/km, o 27 % a vehículos con emisións iguais ou inferiores a 99 CO₂/km e o 1 % restante con furgonetas con emisións iguais ou inferiores a 180 g CO₂/km. E por tipo de motorización destacan os híbridos de gasolina, co 53 % das solicitudes, seguido do GLP co 23 %, e os eléctricos co 8 %.

Turismos e furgonetas máis eficientes

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A edición deste ano conseguiu mobilizar 37 millóns de euros e un aforro anual de 345.000 litros de gasóleo, ademais de reducir as emisións de CO₂ á atmosfera en 900 t/ano, o equivalente a plantar 45.000 árbores.

Renova o teu vehículo subvenciona a compra de turismos e furgonetas que deben cumprir uns determinados niveis de emisións e ter un custo inferior ou igual a 42.000 euros (impostos incluídos), que se amplía a 47.000 euros para vehículos eléctricos cunha autonomía maior a 30 km en modo eléctrico, e en 6.000 euros máis, cando se trate dun vehículo adaptado para a condución de persoas con discapacidade ou se dispón de oito ou nove prazas. No caso dos particulares, cobre a compra dun único automóbil e, para as empresas e autónomos, de ata dez unidades.

Un requisito imprescindible é que o comprador acredite a baixa definitiva de circulación dun vehículo a achatarrar, matriculado en España, de polo menos 10 anos de antigüidade se se trata dun turismo e, de cinco, se son furgonetas; en ambos os dous casos, co pagamento do imposto de circulación do último ano en vigor.

Apoios directos

A contía das axudas, por concorrência non competitiva, oscila entre os 3.000 e os 4.000 euros segundo os niveis de emisións e, destas contías, a Xunta achega 2.000 ou 3.000, en función do modelo, e o concesionario 1.000. A cantidade incrementase nun 20 % para as familias numerosas, polo que os apoios poden acadar os 3.400 e 4.600 euros. O pagamento da subvención realizarase directamente ao concesionario, polo que o beneficiario final xa non terá que desembolsala previamente.

O Plan Renova o teu vehículo é o sucesor do Plan de transición a unha mobilidade eficiente, unha iniciativa do Goberno galego que se poñía en marcha no ano 2019 e da que se tramitaron tres edicións por importe de 11,5 millóns de euros para apoiar a renovación de 2.330 vehículos.

No ano 2023 lanzouse o programa actual cun orzamento de 3,15 M € que permitiu apoiar a renovación de 1.254 vehículos. A convocatoria do ano 2025 contou cun orzamento de 3,17 M € que facilitou a substitución de 1.399 automóviles.

O Programa Moves

No mesmo ámbito de mobilidade sustentable, o Estado puxo en marcha o Programa de incentivos a mobilidade eficiente e sustentable (Programa Moves). Así, no ano 2019 convocouse a primeira edición do Programa Moves en Galicia cun orzamento de 2,6 M € e no ano 2020 convocouse o Programa Moves II cun orzamento de 5,7 M €. No ano 2021, convocouse o Programa Moves III-2021, cun orzamento de 45,98 e, finalmente, o ano pasado o Moves III-2025 tivo o prazo de presentación de solicitudes aberto ata o 31 de decembro de 2025 e contou con 34,9 M € en apios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A diferenza do Plan Moves do Estado, que apoia unicamente a adquisición de vehículos de motorización eléctrica, o Plan Renova o teu vehículo mantén a neutralidade tecnolóxica e non discrimina por tipo de motorización, polo que tamén inclúe os vehículos máis eficientes de motorizacións con combustibles tradicionais como gasóleo e gasolina, xa que non é descartable que o avance dos combustibles sintéticos elaborados mediante captura de CO₂ podan contribuír de xeito eficaz ao obxectivo último dunha mobilidade sustentable.

Con este programa, o Goberno galego pretende concienciar toda a sociedade, tanto particulares como empresas, da importancia do uso racional da enerxía, así como a aposta polo aforro e eficiencia enerxética. Tamén a incentivar a actividade económica nun sector fundamental para a rexión como é o da automoción, un sector estratéxico declarado polo Goberno galego e que conta xa co seu plan director.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA REFORZA O SEGUIMENTO DAS 600 EMPRESAS GALEGAS QUE EXPORTAN A ORIENTE MEDIO E CONVOCA A MESA DE APOIO LOXÍSTICO

- O Goberno autonómico mantén contacto permanente cos principais clústeres e asociacións empresariais afectados para coñecer a situación de primeira man e anticiparse ás posibles repercusións no comercio exterior galego
- A antena do Igape en Dubái vai trasladando información sobre a evolución na rexión
- A conselleira de Economía indica que un dos obxectivos da Mesa “é compartir datos, analizar as consecuencias económicas do conflito e a posible implantación de medidas de apoio”
- Galicia exportou en 2025 arredor de 394,6 M€ aos países de Oriente Medio
- Estados Unidos representa o 1,8 % das exportacións galegas, polo que o seu peso no conxunto do comercio exterior é relevante para determinados sectores, aínda que limitado grazas á diversificación xeográfica das vendas exteriores
- Rueda destaca que Galicia conta “cun tecido exportador sólido, diversificado e experimentado”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Consello acordou “reforzar o seguimento das 600 empresas galegas que exportan a Oriente Medio e convocar a Mesa de apoio loxístico” para avaliar os posibles efectos da situación internacional nas relacións comerciais con estes países. Do mesmo xeito, a Xunta analiza tamén como inflúe o actual contexto xeopolítico no comercio con Estados Unidos. “O noso obxectivo é protexer do xeito máis eficaz ás nosas empresas fronte as repercusións económicas”, indicou.

Neste novo escenario, a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, explicou que o Goberno galego mantén contacto permanente cos principais clústeres e asociacións empresariais co fin de facer un seguimento directo da evolución dos mercados e coñecer de primeira man o posible impacto destes acontecementos no tecido produtivo. Este traballo permitirá analizar, entre outros factores, as repercusións sobre sectores e aspectos clave, como os custos loxísticos e enerxéticos ou a estabilidade das cadeas de subministración, así como dispoñer de información actualizada para anticipar respostas ante eventuais cambios no comercio global.

Ademais, asegurou que o Igape mantén un contacto constante coa súa antena en Emiratos Árabes, que segue plenamente operativa e facilita información sobre a evolución da situación na rexión.

Por outra banda, e para reforzar o seguimento coas preto de 600 empresas afectadas pola situación internacional, a Consellería de Economía e Industria convocou, para mañá, 10 de marzo, a Mesa de Apoio Loxístico á Empresa para compartir información e escoitar as necesidades, entre outros aspectos. O dito encontro celebrarase na sede do Igape e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contará coa participación do Clúster da Función Loxística de Galicia e doutras asociacións e clústeres industriais afectados. “É unha medida que se inclúe no borrador do Plan director da loxística e que anticipamos polas circunstancias do mercado. Busca compartir datos, analizar posibles cambios nas rutas comerciais e medidas de apoio ás empresas se fose necesario”, indicou a conselleira.

Tal e como explicou Rueda, as relacións comerciais entre Galicia e os países de Oriente Medio experimentaron un crecemento notable nas últimas décadas, chegando “a triplicarse desde o ano 2000”. Na actualidade, das 600 empresas galegas que exportan a estes mercados, 200 o fan de maneira regular.

Así, no ano 2025, Galicia exportou a esta rexión uns 394,6 millóns de euros e importou aproximadamente 213 millóns, polo que o volume total de negocio superou os 600 millóns de euros anuais. Emiratos Árabes Unidos, Arabia Saudita, Qatar, Kuwait, Omán ou Bahréin están entre os principais destinos para as nosas empresas, así como outros países da contorna ampliada como Iraq, Irán e Xordania.

Téxtil, automoción e agroalimentario, os principais sectores afectados

As exportacións galegas a Oriente Medio concéntranse principalmente en bens de consumo non alimentarios —especialmente no sector téxtil—, así como na automoción e no sector agroalimentario. Xunto a estes, tamén teñen presenza relevante o metalmecánico, a madeira e derivados ou o químico. En conxunto, “téxtil, automoción e agroalimentario representan o 90 % das exportacións galegas a esta rexión”, indicou Lorenzana.

Ao contexto xeopolítico de Oriente Medio súmanse tamén as incertezas derivadas da evolución das relacións comerciais con Estados Unidos. Neste caso, trátase dun mercado relevante para determinadas empresas galegas, aínda que cun peso limitado no conxunto do comercio exterior da comunidade.

As exportacións galegas a Estados Unidos representan arredor do 1,8 % do total. En 2025 rexistrouse unha redución próxima ao 32 %, vinculada principalmente ao endurecemento de determinados aranceis e á evolución do tipo de cambio. Ese ano máis de 1.000 empresas galegas exportaron a este país, das cales unhas 350 o fixeron de maneira regular.

Tecido exportador sólido e diversificado

A pesar das incertezas do contexto internacional, Rueda lembrou que Galicia conta “cun tecido exportador cada vez máis sólido, diversificado e experimentado”, como mostra o feito de que nos dous últimos anos acadáronse as mellores cifras exportadoras da historia da Comunidade: máis de 31.000 millóns de euros no 2024 e preto desa mesma cifra no 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste marco, cómpre salientar que arredor do 70 % das exportacións galegas diríxense a países da Unión Europea, o que contribúe a achegar estabilidade ao comercio exterior da comunidade. Entre os principais destinos destacan Francia, Portugal, Italia, Polonia ou Alemaña, mentres que fóra da Unión Europea tamén medran mercados como Turquía, Chile ou Alxeria. A estrutura exportadora galega é ademais equilibrada, con sectores como automoción e compoñentes, téxtil e moda, alimentación e bebidas, metalmecánico ou industria da madeira.

Polo tanto, a internacionalización segue sendo un dos principais motores do crecemento económico de Galicia. Por iso, o obxectivo é seguir acompañando ás empresas galegas no seu proceso de apertura a novos mercados, reforzando a súa capacidade de adaptación ante os retos e oportunidades que poidan xurdir no actual contexto internacional.

Neste ámbito, as liñas de apoio Galicia Exporta Empresas, Galicia Exporta Organismos Intermedios e o programa Foexga, activados polo Igape neste ano 2026 e actualmente con prazos abertos para a presentación de solicitudes, permitirán seguir impulsando a presenza internacional do tecido empresarial galego e favorecer a diversificación dos seus mercados exteriores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOSTA POLA CONTINUIDADE DOS CURSOS DE LINGUA PARA ESTRANXEIROS TRAS SUPERAR OS 1.500 PARTICIPANTES EN 2025

- O Consello avalía o balance de execución desta iniciativa que forma parte das medidas inmediatas postas en marcha ao abeiro do Pacto pola Lingua
- Entre setembro e decembro desenvolvéronse 105 cursos en 47 localidades de todo o territorio nos cales participaron persoas de ata 39 nacionalidades
- O obxectivo é fomentar a integración sociocultural da poboación asentada en Galicia proveniente de fóra mediante contidos tanto gramáticos como históricos
- A iniciativa conta coa colaboración de Cáritas e Cruz Vermella, así como dos concellos adheridos á Rede de dinamización lingüística

A Xunta ten previsto aumentar as colaboracións cos concellos e entidades para incrementar proximamente o número de cursos de introdución á lingua e cultura galegas para persoas nadas fóra de Galicia, unha proposta formativa que durante 2025 acadou un total de 105 cursos con 1.503 participantes en 47 localidades de toda a Comunidade. Así se avaliou hoxe no Consello, onde se fixo o balance de execución dunha das medidas inmediatas postas en marcha ao abeiro do Pacto pola Lingua para impulsar o uso do galego, poñendo o foco na poboación proveniente do exterior e asentada no territorio.

Deste xeito, estas unidades didácticas desenvolvéronse en distintos concellos mediante a Rede de dinamización lingüística, así como a través de varios convenios de colaboración con Cáritas Federadas Galicia, Cáritas Diocesana Lugo e a Cruz Vermella Española, chegando a unha ampla diversidade de nacionalidades, con participantes de ata 39 países, entre os que se inclúen Venezuela, Alemaña, Italia, Estados Unidos ou Nixeria, entre outros. Nelas tomaron parte un 69,86 % de mulleres e un 30,14 % de homes.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude cumpriu así os obxectivos marcados coa posta en marcha desta formación destinada a achegarlles ás persoas non nadas en Galicia tanto nocións de gramática básica como contidos culturais e históricos, fomentando deste xeito a integración, a convivencia e a inclusión sociocultural efectiva no territorio en que viven cunha primeira aproximación á lingua e cultura galegas.

Tras o interese do alumnado e das administracións implicadas, o Goberno autonómico xa está a preparar a continuidade do proxecto que incentiva a presenza da lingua galega en novos espazos impulsando o seu valor identitario e cultural. Tamén se valorará a posibilidade de impartir estes cursos específicos se o solicitan os centros de estudos galegos que contén con lectorados, reforzando o prestixio do idioma no ámbito universitario internacional.

Do léxico útil a unha aproximación ao contexto histórico galego

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este curso está estruturado en cinco unidades temáticas, pensadas para acompañar o proceso de aprendizaxe dun xeito gradual, práctico e conectado coa realidade galega. Cada unidade integra contidos de fonética, para familiarizarse cos sons do galego e mellorar a pronuncia; de gramática, centrada nas estruturas básicas e frecuentes da lingua; de léxico útil, cun enfoque comunicativo para situacións cotiás, e culturais, en que tamén hai unha aproximación á historia do galego.

Cómpre destacar neste senso que, grazas a esta iniciativa, que se desenvolveu durante o 2025, elaboráronse materiais en liña descargables que agora están dispoñibles de xeito gratuito no [Portal de Lingua](#) para calquera persoa interesada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NOS TRÁMITES PARA DOTAR O CARBALLIÑO DUN ESPAZO ÚNICO QUE INTEGRARÁ A OFICINA DE EMPREGO E O POLO DE EMPRENDEMENTO

- O Goberno galego sacará en vindeiros días a licitación a obra de adecuación dun novo espazo no edificio do Centro Comarcal do Carballiño cun orzamento de preto de 2M €, o que suporá o traslado da actual oficina de emprego a este local
- Esta localización, onde xa opera actualmente o polo de emprendemento, contará con máis de 900 m² rehabilitados con ambos os servizos para reforzar a atención que se lle presta á cidadanía e o tecido empresarial da contorna
- Deste xeito darase continuidade ao labor actual da oficina de emprego e potenciarase o traballo do Polo de emprendemento que leva atendidos uns 400 proxectos empresariais e xa permitiu crear preto de 70 empresas
- A actuación, da que se deu hoxe conta no Consello da Xunta, enmárcase no proceso de modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia, que conta cun orzamento de preto de 8M € para este ano

O Goberno galego sacará en vindeiros días a licitación cun orzamento de preto de 2M € a obra de adecuación dun novo espazo no edificio do Centro Comarcal do Carballiño para integrar nel a oficina de emprego e o polo de emprendemento deste concello. Esta actuación enmárcase na modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) e permitirá crear un espazo único de empregabilidade e talento, que favorece as sinerxías entre o emprego por conta propia e allea, e responde ás necesidades do tecido empresarial da contorna.

Así o reflicte un informe sobre esta actuación analizado hoxe no Consello da Xunta que detalla os traballos que se van realizar. Neste sentido, a obra tamén incluírá o acondicionamento exterior deste espazo, situado na avenida de Pontevedra, nº 73, dotado con máis de 900 m² de superficie construída. Isto suporá o traslado da oficina de emprego, que está actualmente na rúa Otero Pedrayo, nº 20, a este novo espazo, no que xa opera o polo de emprendemento, co fin de adecuar as instalacións ás necesidades operativas.

Deste xeito, darase continuidade ao labor da actual da oficina de emprego, que presta servizos de inscrición de demandantes de traballo, xestión de ofertas laborais e da formación para o emprego e orientación laboral, compartindo espazo co Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), que xestiona as prestacións por desemprego. En concreto, esta oficina atende veciñas e veciños dos municipios do Carballiño, Boborás, Beariz, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea.

Tamén potenciará o labor do polo de emprendemento e apoio ao emprego do Carballiño, que comprende unha área de actuación de 31 concellos da zona e leva atendido —desde a súa posta en marcha no ano 2023— uns 400 proxectos empresariais, no marco dos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

máis de 1.100 asesorados na provincia de Ourense. Por sectores, predomina o dos servizos (máis do 20 %), seguido da hostalaría (17 %) e o comercio (máis do 10 %). Coas persoas atendidas neste polo realizáronse preto de 1.200 titorías e delas o 58 % son mulleres. Ademais, co seu labor contribuíu á creación de preto de 70 empresas.

Modernización do SPEG

Para o proceso de modernización das infraestruturas do SPEG, en que se enmarca esta actuación, así como a recente adxudicación para a redacción do proxecto da futura oficina de emprego de Ourense A Ponte, o Goberno galego consignou este ano un orzamento de 8 M € que irán dirixidos tamén aos centros formativos dependentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Este eido abrangue outras medidas como o impulso á dixitalización deste servizo, cun investimento de 1 M € para a potenciación da ferramenta informática EMI, con que contan as 54 oficinas de emprego de Galicia, entre elas a do Carballiño, e que permite aplicar a intelixencia artificial e a aprendizaxe automática á xestión das políticas activas de emprego. Neste eido inclúese o lanzamento dunha aplicación móbil que permitirá á cidadanía realizar o seu propio perfil competencial. Así, ata o momento EMI xa permitiu o perfilado competencial de arredor de 96.000 persoas en Galicia, máis de 17.500 no caso da provincia de Ourense.

A estas actuacións engádense outras como o reforzo da rede de orientación laboral con axudas como as destinadas a apoiar a contratación de orientadores e orientadoras laborais por parte dos concellos e das entidades sen ánimo de lucro ás cales, na convocatoria de 2026, a Xunta destinará 8,5M €. Tamén o programa de seguimento intensivo da demanda de emprego, que xa permitiu a inserción laboral de máis de 16.000 persoas, máis de 3.000 na provincia de Ourense.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA UNHA NOVA CONVOCATORIA DE ACHEGAS PARA A REESTRUTURACIÓN E RECONVERSIÓN DE VIÑEDO CO FIN DE ADAPTAR AS PRODUCCIÓN AS DEMANDAS DE MERCADO

- Estas axudas teñen como finalidade incrementar a competitividade das explotacións vitícolas, adaptar o cultivo de viñedo ao cambio climático e facelo ambientalmente máis sustentable
- Poderán beneficiarse aquelas persoas viticultoras cuxos viñedos se destinen á produción de uva para vinificación e que cumpran coa normativa vixente
- A superficie total reestruturada ou reconvertida deberá ser, como mínimo de 0,2 hectáreas para aquelas solicitudes que se presenten de forma individual, mentres que para as colectivas a dita superficie será de 1 hectárea
- Desde o ano 2018 o Goberno autonómico destinou algo máis de 20 millóns de euros a estas axudas, o que permitiu beneficiar 1.215 persoas viticultoras que puideron actuar en algo máis de 1.700 hectáreas
- A Xunta executa un importante paquete de axudas para este sector cun orzamento que ascende ata os 12 M € anuais, a través do cal se impulsa a elaboración e comercialización e produtos vitivinícolas, a promoción en terceiros países ou o mantemento da contorna paisaxística da Ribeira Sacra

A Consellería do Medio Rural publicará en breve unha nova convocatoria das achegas para a reestruturación e reconversión de viñedo co fin de adaptar as producións ás demandas de mercado, dotadas cun orzamento de 4 millóns de euros, distribuídos en 2,7 millóns para o ano 2026 e os 1,3 millóns restantes para 2027. Así o recolle o informe elevado hoxe ao Consello da Xunta.

Estas axudas complementáanse co resto de liñas executadas polo Goberno autonómico para impulsar este sector, consolidado como un dos piares da economía galega, para as cales o orzamento ascende aos 12 millóns de euros anuais. Neste sentido, cómpre destacar as partidas para financiar a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas ou a súa promoción en mercados de terceiros países, asuntos acordados tamén nun Consello da Xunta recente. Do mesmo xeito, salientan os apoios para a conservación da contorna paisaxística da Ribeira Sacra, así como para facilitar a actividade dos consellos reguladores ou impulsar programas de calidade.

De xeito concreto, as axudas para a reestruturación e reconversión de viñedo teñen como finalidade incrementar a competitividade das explotacións vitícolas, adaptar o cultivo do viñedo ao cambio climático e facelo ambientalmente máis sustentable. Coa súa aplicación favorécese a mellora das técnicas de xestión das viñas e reconversións varietais para optimizar a súa orientación ao mercado, adaptando as producións á demanda ao tempo que se preservan as variedades da nosa comunidade. Así mesmo, a través destas achegas aumenta o grao de profesionalización do sector vitivinícola galego e poténciase a remuda xeracional. Poderán beneficiarse destas achegas aquelas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

persoas viticultoras cuxos viñedos se destinen á produción de uva para vinificación e que cumpran coa normativa vixente.

A superficie total reestruturada ou reconvertida deberá ser, como mínimo de 0,2 hectáreas para aquelas solicitudes que se presenten de forma individual. Mentres tanto, para aquelas que sexan solicitadas de xeito colectivo, a dita superficie será de 1 hectárea. Neste sentido, as solicitudes individuais que formen parte dunha presentación colectiva terán que ter, como mínimo, 0,2 hectáreas. En todo caso, a superficie máxima elixible será de 5 hectáreas por persoa viticultora.

A axuda á reestruturación e reconversión só poderá concederse para operacións relacionadas con replantacións con ou sen sistema de condución; para a reconversión de viñedos por cambios de variedade (sobreenxertado) ou para a mellora de técnicas de xestión, así como para a replantación de viñedos cando sexa necesario por motivos fitosanitarios por orde da autoridade competente.

Máis de 1.200 viticultores beneficiarios

Estas son unhas das achegas máis destacadas da Consellería do Medio Rural no ámbito da produción vitivinícola, xa que a mellora das explotacións incide positivamente na súa rendibilidade e competitividade. Desde o ano 2018 o Goberno autonómico destinou algo máis de 20 millóns de euros a estas axudas, o que permitiu beneficiar 1.215 persoas viticultoras que puideron actuar en algo máis de 1.700 hectáreas.